

4- NIVEL INTERMEDIO B2

4.1.Descripción do nivel.

O alumnado que supere o **nivel intermedio B2** poderá comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas –sen erros importantes e cunha pronuncia clara–; posuirá conciencia lingüística suficiente para corrixirse e resolver ambigüidades; terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro; comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de carácter concreto e abstracto. Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas algunhas expresións idiomáticas de uso común..

4.2.Objectivos xerais.

Comprender o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle

Producir e coproducir descrições de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir.

Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, un amplo vocabulario e unha ampla gama de estruturas sintácticas, identificando con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en fragmentos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler.

Producir e coproducir textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes. Utilizar unha ampla gama de recursos lingüísticos adecuándoos á situación comunicativa (rexistro, estilo), de maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional..

1.3. Obxectivos específicos.

4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

- **O alumnado será capaz de Comprender** conversas que presenten argumentación, aínda que con certas limitacións para captar a ironía e o humor.
- **O alumnado será capaz de Comprender** exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos
- **O alumnado será capaz de Comprender** información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua..
- **O alumnado será capaz de Comprender** películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.
- **O alumnado será capaz de Comprender** programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación..
- **O alumnado será capaz de Comprender** as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico ou na área profesional da súa especialidade.

4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

- **O alumnado será capaz de interactuar** espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.
- **O alumnado será capaz de resolver** problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.
- **O alumnado será capaz de explicar** os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.
- **O alumnado será capaz de dar opinión e argumentar**, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.
- **O alumnado será capaz de pedir** información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada....
- **O alumnado será capaz de expresar** puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.
- **O alumnado será capaz de facer preguntas** nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.
- **O alumnado será capaz de realizar** unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.

4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos.

- **O alumnado será capaz de comprender** con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente..
- **O alumnado será capaz de comprender** diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.
- **O alumnado será capaz de comprender** formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional.
- **O alumnado será capaz de comprender** artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.
- **O alumnado será capaz de comprender** instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.
- **O alumnado será capaz de comprender** textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.
- **O alumnado será capaz de Seguir** a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario)

4.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

- **O alumnado será capaz de escribir** textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.
 - **O alumnado será capaz de redactar** informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.
 - **O alumnado será capaz de resumir** ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.
 - **O alumnado será capaz de tomar** notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.
 - **O alumnado será capaz de describir** de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.
 - **O alumnado será capaz de facer** comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.
- O alumnado será capaz de producir** textos de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.

4.3.5. Actividades de mediación.

- **O alumnado será capaz de sintetizar e transmitir** oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis

relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas

- **O alumnado será capaz de sintetizar e transmitir** por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.

4.4. Competencias e contidos.

4.4.1. Socioculturais e sociolingüísticos.

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural.

Estes contidos adaptaranse ás distintas actividades da lingua.

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, rexistros nas seguintes áreas:

- a vida cotiá,
- os servizos públicos,
- as condicións de vida,
- as relacións persoais,
- as convencións sociais,
- os valores e crenzas.

4.4.2 .Estratéxicos.

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo.

Estes contidos son válidos para os niveis B1- B2 e adaptaranse á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades da lingua.

A. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- **Explicar** o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- **Planificar** a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- **Organizar** o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- **Regular e autoavaliar** o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.

- **Utilizar** todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)
- **Repetir**, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- **Relacionar** a información nova con coñecementos previos.
- **Deducir** e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- **Resumir** para comprender e producir textos orais ou escritos.

B. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- **Activar e procurar** coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- **Identificar** o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- **Tomar** conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- **Establecer** hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- **Restablecer** e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- **Reformular** hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento previo e experiencias.
- **Asegurar** a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- **Solicitar** repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- **Recoñecer** as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

4.4.3. Funcionais.

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan adaptaranse á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades da lingua.

Usos asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento e a opinión:

- Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado.
- Comprender e expresarse con suficiencia en contextos académicos.
- Redactar textos de ámbito académico.
- Entender e aventurar un diagnóstico simple.
- Desenvolverse con soltura nun comercio.
- Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións.
- Construír argumentos razoados.
- Comparar e contrastar alternativas.
- Reproducir mensaxes e opinións doutras persoas.
- Sintetizar unha información.

- Especular sobre causas e consecuencias.
- Contrastar alternativas e sopesar vantaxes e desvantaxes.
- Expresar hipóteses e posibilidades no pasado.
- Recoñecer o grao de formalidade de diferentes textos.
- Referir o contido dunha postal, dun correo electrónico, dunha información periodística...

Usos compromisorios, relacionados coa expresión de ofrecemento, a intención, a vontade e a decisión:

- Poñer condicións para unha acción futura.
- Negociar un acordo.
- Ofrecerse a facer algo, ofrecer axuda.
- Expresar intención ou vontade.

Usos directivos, teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo:

- Pedir opinións sobre algo ou alguén.
- Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc.
- Lembrarlle algo a alguén ou advertir a outra persoa sobre algo.
- Descubrir nun texto erros ou usos lingüísticos incorrectos.

Usos fáticos e solidarios, que se realizan para manter o contacto social:

- Participar, de xeito apropiado, en diferentes tipos de situacións sociais.
- Actuar segundo as conviccións propias da comunidade en que se integre (visitas, invitacións, aceptación, rexeitamento...)

Usos expresivos, cos que se expresan determinadas situacións:

- Narrar unha lembranza empregando tempos do pasado.
- Expresar dúbidas.
- Presentar unha queixa ou reclamación.
- Mostrar sorpresa e admiración.
- Describir cambios de personalidade.
- Discutir sobre a información recibida

4.4.4. Discursivos.

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona adaptárase á organización de cada nivel, (B1-B2), ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios
- Instrucións e indicacións
- Conversas formais e informais
- Debates e discusións formais
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas

- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado
- Presentacións
- Cancións
- Representacións teatrais

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras
- Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...
- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...
- Informes, resumos e esquemas
- Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...
- Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas
- Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias...
- Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais...
- Catálogos
- Manuais de instrucións
- Guións
- Currículo
- Dicionarios
- Prospectos
- Receitas de cociña
- Adiviñas
- Biografías

4.4.5. Sintácticos.

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan adaptaranse á organización de cada nivel, (B1-B2), ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

- Flexión de xénero e número do substantivo e do adxectivo
- Posición e gradación do adxectivo. A comparación
- Pronome tónico e átono. Presenza e ausencia. Función de suxeito e complemento
- Determinantes. Artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, cuantificadores
- Posición e concordancia dos elementos da oración
- Uso da impersonalidade
- Usos do tempo de indicativo e subxuntivo en verbos regulares e irregulares máis frecuentes
- Uso do imperativo afirmativo e negativo
- aspecto. Incoativo, durativo
- modo. Expresión de cortesía, desexo, recomendación, condición
- O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto
- Réxime preposicional con verbos frecuentes
- Adverbios. Usos e formas máis frecuentes
- Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais
- Posición e concordancia dos elementos oracionais
- Oración simple: enunciativa, afirmativa, negativa, interrogativa, exclamativa, impersonal
- Oración composta. Coordinación

- Oración composta. Subordinación: de relativo, temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais
- Correlación temporal nas oracións
- Uso de conectores propios do nivel
- Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos

4.4.6. Léxicos.

Os contidos que se relacionan adaptaranse á organización de cada nivel, (B1-B2), ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

- **Actividades artísticas:** música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas...
- **Actividades económicas e comerciais:** comercio, entidades e empresas, industria...
- **Alimentación:** dieta, nutrición e gastronomía...
- **Ciencia e tecnoloxía:** avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...
- **Clima, condicións atmosféricas e ambiente:** paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...
- **Educación:** o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos...
- **Identificación persoal:** títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...
- **Información e medios de comunicación:** prensa escrita, televisión e radio, Internet...
- **Política e sociedade:** institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais...
- **Relacións humanas e sociais:** tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos...
- **Saúde e coidados físicos:** movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adicións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...
- **Tempo libre e actualidade:** actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...
- **Traballo e profesión:** tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais...
- **Viaxes e transportes:** planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...
- **Vivenda, fogar e contorna:** tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración...

4.4.7. Fonéticos-fonolóxicos e ortotipográficos.

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas. Os contidos que se relacionan adaptaranse á organización de cada nivel, (B1-B2), ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

- Os fonemas que presentan maior dificultade.
- A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación.
- A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.
- Os procesos propios da lingua que presentan maior dificultade (tonalidade, alfabetos...).
- A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos.
- O recoñecemento e uso das formas ortográficas.
- O uso especial de maiúsculas e minúsculas.
- As siglas e abreviaturas de uso frecuente.

4.5. Temporalización por unidades

SECUENCIACIÓN NIVEL INTERMEDIO B2.1

4.5.1. Secuenciación do nivel B2.1

Para o curso de B2.1 empregamos, principalmente, como libros de texto os métodos comunicativos

- M. Piantoni, R. Bozzone Costa, C. Ghezzi, *Nuovo Contatto B1* Corso di lingua e civiltà italiana per stranieri, Loescher Editore, 2017. (Unidade: 5)
- Maria Bali, Irene Dei, *Nuovo Espresso 4* Corso di italiano, (libro dello studente e esercizi), Alma Edizioni, 2017 (Unidades: 1,2,3,6,)
- M. Piantoni, R. Bozzone Costa, C. Ghezzi, *Nuovo Contatto B2* Corso di lingua e civiltà italiana per stranieri, Loescher Editore, 2017.(Unidades: 3, 5)

Estas unidades temáticas serán completadas con materiais elaborados pola profesora do curso.

A temporalización das unidades así como a relación das actividades hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións que dependerán de factores de tempo e do ritmo de aprendizaxe que se observe nos grupos.

Aparte dos temas presentes nas unidades dos libros, traballarase cos temas do curriculum pertinentes ao nivel B2-1.

SETEMBRO - OUTUBRO

Che problema c'è?

Unidade 1 (unidade 5 Nuovo Contatto B1)

- Comprensión de textos orais: entender a idea principal en textos que falan da dos problemas de convivencia.

<p>Obxectivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Producción e coprodución de textos orais: expresar gustos e preferencias sobre os lugares para vivir. Expresar vantaxes e desvantaxes. Describir lugares. Falar da súa relación cos demais. • Comprensión de textos escritos: Comprender a idea principal en textos que falan dos roles na casa, da vida nos barrios e nas pequenas vilas Comprender a mensaxe dun proverbio. • Producción e coprodución de textos escritos: Escribir correspondencia para expresar una queixa. • Mediación: Sintetizar e transmitir a información contida en diversos textos relacionados coa vida en distintos lugares. Organizar adecuadamente a información que debe transmitir. Explicar o significado dos proverbios.
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de comprensión de lectura de textos literarios sobre a vida en distintos lugares, de artigos xornalísticos sobre os problemas da convivencia. • Actividades de produción e interacción oral para falar da súa relación cos demais, dos sentimentos. Describir os lugares onde viven/vivían, contar feitos pasados. • Actividades de comprensión oral sobre os problemas da convivencia entre conviventes, sobre as emocións, sobre os estereotipos nos roles. • Actividade de produción e interacción escrita: escribir una carta de protesta. Participar nun blog para contar experiencias pasadas. • Actividades de mediación: transmitir a información importante partindo de textos que tratan os temas da unidade.
<p>Competencias e contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • A relación cos demais: familia, parentes, conviventes • A vida nun barrio o nunha cidade/vila. • Describir e comparar. Gustos e preferencias. • Os italianos e o altruismo. Queixarse. • Explicar os propios argumentos, defenderse. • Os verbos que se refiren ás tarefas do fogar. • As relacións sociais. A convivencia. • Lexico relativo a convivencia e a relación, os sentimentos. • Presente subxuntivo. Expresións coma: <i>è giusto che, bisogna che, non è che.</i> • Subxuntivo: Verbos irregulares • Presente indicativo VS presente subxuntivo. • Imperfecto subxuntivo. • Tempos pasados indicativo: <i>passato prossimo/imperfetto/trapassato prossimo</i> • Passiva. • Indefinidos. • Forma impersonal. • Conxunciones concesivas. • Algúns verbos idiomáticos. • Pronomes combinados.
<p>Criterios de avaliación</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Entende a idea principal en textos que falan da dos problemas de convivencia. • Expresa gustos e preferencias sobre os lugares para vivir. Expresa vantaxes e desvantaxes. Describe lugares. Fala da súa relación cos demais. • Comprende a idea principal en textos que falan dos roles na casa, da vida nos barrios e nas pequenas vilas Comprende a mensaxe dun proverbio. • Escribe correspondencia para expresar una queixa. • Sintetiza e transmite a información contida en diversos textos relacionados coa vida en distintos lugares. Organiza adecuadamente a información que debe transmitir. Explica o significado dos proverbios.

OUTUBRO - NOVEMBRO

Scuola e dintorni

Unidade 2 (unidade 1 Nuovo Espresso 4)

<p>Obxectivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos escritos: Comprender textos/artigos publicados nos medios de comunicación sobre a escola e o sistema educativo en Italia • Comprensión de textos orais: Comprender textos orais (film, documentais) sobre a escola e a súa contorna. • Producción e coprodución de textos orais: Falar de costumes relacionados coas lembranzas da escola; describir persoas e elementos relacionados coa escola (un docente, un compañeiro de curso, un curso, un centro educativo). Interactuar en conversas sobre o sistema educativo italiano/español, dando opinións e argumentando sobre o tema. • Producción e coprodución de textos escritos: Describir por escrito un evento e a propia experiencia na escola. • Mediación: Interpretar e resumir o contido principal en debates e conferencias. Tomar notas recollendo as ideas principais de debates ou conferencias sobre temas educativos.
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de comprensión de lectura de textos literarios e xornalísticos que tratan sobre a educación. • Actividades de produción oral sobre as lembranzas da escola; a descrición de persoas e elementos relacionados coa escola (un docente, un compañeiro de curso, un curso, un centro educativo). • Actividades de comprensión oral sobre o sistema educativo italiano, métodos educativos e sobre as experiencias e o valor da educación. • Actividade de produción e interacción escrita sobre os distintos centros e escolas e experiencias vividas ao longo da vida académica. Solicita una bolsa ou un curso adecuándose ao rexistro de forma eficaz. • Actividades de mediación: elaboración de esquemas partindo de textos escritos u orales recogiendo las ideas principales de debates o conferencias sobre educación.
<p>Competencias e contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Uso do auxiliar no <i>passato prossimo</i>; verbos con dobre auxiliar no <i>passato prossimo</i>. Verbos pronominais (<i>cavarsela, entrarci</i>). • Repaso dos tempos pasados no indicativo (<i>passato prossimo, imperfetto, passato remoto</i>). • Os pronomes relativos dobres (<i>colui che, ciò che</i>). • Educación: títulos, diplomas, sistema educativo, actividades escolares, servizos de educación (inscrición, solicitude de bolsa...) • Actividades escolares. A escola en Italia. Recordos da escola • Expresiones para dar a propia opinión con claridade e argumentado a propia elección. O acordo e desacordo. A pena, estupor e incredulidade. Acontecementos pasados relacionado cos recordos da escola. A descrición de persoas e estados de ánimo. • Artigos xornalísticos. Informes. Debates e programas de radio. Conversas informais. Instrucións.
<p>Criterios de avaliación</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende textos/artigos publicados nos medios de comunicación sobre a escola e o sistema educativo en Italia. • Comprende textos orais (film, documentais) sobre a escola e a súa contorna. • Fala de costumes relacionados coas lembranzas da escola; describir persoas e elementos relacionados coa escola (un docente, un compañeiro de curso, un curso, un centro educativo). Interactua en conversas sobre o sistema educativo Italiano /español, dando opinións e argumentando sobre o tema. • Describe por escrito un evento e a propia experiencia na escola. Solicita una bolsa ou un curso adecuándose ao rexistro de forma eficaz. • Interpreta e resume o contido principal en debates e conferencias. Toma notas recollendo as ideas principais de debates ou conferencias sobre temas educativos

NOVEMBRO - DECEMBRO

Cibo che passione Unidade 3 (unidade 2 Nuovo Espresso 4)	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprensión de textos orais: Comprender programas televisivos, conversas informais e de radio sobre cociña, alimentación e tendencias na comida. ● Comprensión de textos escritos: Comprender receitas / textos xornalísticos sobre cociña e alimentación. ● Producción e coprodución de textos orais: Participar en conversas informais sobre cociña e alimentación. ● Producción e coprodución de textos escritos: Escribir unha recensión sobre un restaurante / un post nun foro expresando a propia opinión sobre temas relacionados coa alimentación. ● Mediación: Trasmir as ideas principais de conversas informais/textos escritos sobre alimentación e cociña sempre que a lingua empregada sexa estándar.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> ● Actividades de comprensión de lectura sobre o valor e as características da comida, a cociña italiana no mundo, receitas de cociña, os utensilios para cociñar. ● Actividades de comprensión oral sobre as tendencias na alimentación: o <i>slow food</i>, o <i>street good</i>. Receitas: (TV) <i>La prova del cuoco</i>, conversas informais. ● Actividades de produción oral sobre a propia relación coa comida e das preferencias culinarias, como elaborar unha receita, a importancia da alimentación, os trastornos alimentarios. ● Actividade de produción e interacción escrita para describir un prato, un procedemento de maneira clara (unha receita), unha recensión expresando a propia opinión. ● Actividades de mediación para comunicar a terceiras persoas por escrito e oral as ideas principais de textos xornalísticos sobre cociña e alimentación.
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> ● Os indefinidos. Repaso e ampliación. ● O futuro anterior. ● O Subxuntivo cos indefinidos. Estrutura da frase: dislocazione a sinistra. ● A voz pasiva. Repaso e ampliación: o <i>si passivante</i>. ● Alimentación: descrición dun prato, utensilios de cociña, receitas. Saúde e cuidados físicos: trastornos alimentarios. ● A descrición dun prato/dunha receita. A nosa relación coa comida. A opinión sobre temas relacionados coa alimentación e a gastronomía / trastornos alimentarios. ● A saúde e os problemas de saúde. A dieta e a nutrición. ● Celebraciones humanas e sociais: actos familiares e relixiosos. ● A gastronomía italiana. As tendencias da alimentación: <i>slow food</i>. ● Artigos xornalísticos / de opinión. ● Entrevistas, receitas, conversas informais.
Criterios de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprende programas televisivos, conversas informais e de radio sobre cociña, alimentación e tendencias na comida. ● Comprende receitas / textos xornalísticos sobre cociña e alimentación. ● Participa en conversas informais sobre cociña e alimentación. ● Escribe unha recensión sobre un restaurante / un post nun foro expresando a propia opinión sobre temas relacionados coa alimentación. ● Trasmir as ideas principais de conversas informais/textos escritos sobre alimentación e cociña sempre que a lingua empregada sexa estándar.

XANEIRO - FEBREIRO	
I gusti son gusti	
Unidade 4 (unidade 6 Nuovo.Espresso 4)	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprensión de textos orais: Comprender un texto oral donde se fala de xéneros cinematográficos e film italianos. ● Comprensión de textos escritos: Comprender un texto escrito donde se fala dos gustos cinematográficos ● Producción e coprodución de textos orais: Expressar os propios gustos e preferenzas relacionadas co cine e o tempo libre. Contar a trama dun filme. ● Producción e coprodución de textos escritos: Escribir a recensión dun filme. ● Mediación: Escribir a súa opinión a terceiras persoas sobre temas relacionados co cine e as actividades de tempo libre.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> ● Actividades de comprensión de lectura sobre textos onde se fala dos gustos cinematográficos, da trama dun filme e do cine en xeral, sempre que a lingua empregada sexa estándar; e de textos que falan do tempo libre. ● Actividades de comprensión oral sobre charlas, documentais, reportaxes sobre temas relacionados co cine e as actividades de tempo libre sempre que a lingua empregada sexa unha variedade estándar e a velocidade media. ● Actividades de produción oral sobre un filme e o mundo do cine, expresando a súa opinión. Contar a trama dunha película. Expressar a súa opinión sobre as actividades de tempo libre ● Actividade de produción e interacción escrita en <i>blogs</i> expresando a súa opinión sobre algún tema relacionado co cine, adecuándose ao rexistro e ao contexto e sobre o tempo libre. ● Actividades de mediación para aconsellar a terceiras persoas por escrito e oral sobre os xéneros cinematográficos.
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> ● A posición do adxectivo ● Uso do conxuntivo con frase principal negativa e con <i>purché</i> ● A estrutura <i>Fare+infinito</i> ● Léxico dos xéneros cinematográficos ● Adxectivos para falar do cine. ● Léxico relacionado co cine.
Criterios de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprende un texto oral donde se fala de xéneros cinematográficos e film italianos. ● Comprende un texto escrito donde se fala dos gustos cinematográficos ● Expresa os propios gustos e preferenzas relacionadas co cine e o tempo libre. Conta a trama dun filme. ● Escribe a recensión dun filme. ● Escribe a súa opinión a terceiras persoas sobre temas relacionados co cine e as actividades de tempo libre.

FEBREIRO - MARZO

Come sono cambiati i consumi

Unidade 5 (unidade 5 Nuovo Contatto B2)

<p>Obxectivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais: Comprender noticias da radio ou do telexornal e artigos nos que fala de problemáticas relacionadas coa vivenda (prezo dos alugueiros ...) • Comprensión de textos escritos: Comprender artigos estadísticos sobre as tendencias de compras alimenticias. • Produción e coprodución de textos orais: Contar a trama dun filme. Falar de gustos cinematográficos. Facer supocións sobre feitos pasados. • Produción e coprodución de textos escritos: Expressar a propia opinión sobre o consumo de cine. Facer hipóteses reais, posibles e irreais • Mediación: Discutir para chegar a un acordo na elección dun regalo.
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de comprensión escrita: reseña dun filme, artigo sobre o consumo do cine, artigo estadístico sobre as tendas no consumo alimenticio. • Actividades de comprensión oral: entrevistas sobre o mundo do cine. • Actividades de expresión escrita: Escribir a reseña dun filme. Elaborar un cuestionario sobre o cine italiano. • Actividades de expresión oral: Presentar un xénero cinematográfico, falar dos propios gustos cinematográficos • Participar nunha conversa informal na que se fala de problemas de convivencia. • Desenvolverse nunha transacción ou xestión relacionada coa vivenda (alugueiro, problemas na casa...) • Actividades de mediación para comunicar a terceiras persoas por escrito e oral as ideas principais de textos xornalísticos sobre cociña e alimentación
<p>Competencias e contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Periodo hipotético: realidade, posibilidade, irrealidade. Futuro composto temporal e para facer previsións. • Síntese: uso do artigo e concordanza do subxuntivo. Repaso: verbo pensare e modos; uso de modos e tempos verbais; xerundio simple e composto. • Léxico do mundo do cine; Léxico consumo alimentario. • Expresións de cantidade; expresións idiomáticas relacionadas ao diñeiro. • Conectivos para argumentar. • Vivenda, fogar e contorna: tipos de vivenda, compra/alugueiro ecc. • Problemáticas relativas á vivenda.
<p>Criterios de avaliación</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende noticias da radio ou do telexornal e artigos nos que fala de problemáticas relacionadas coa vivenda (prezo dos alugueiros ...) • Comprende artigos estadísticos sobre as tendencias de compras alimenticias. • Conta a trama dun filme. Fala de gustos cinematográficos. Fai supocións sobre feitos pasados. • Expressa a propia opinión sobre o consumo de cine. Fai hipóteses reais, posibles e irreais • Discute para chegar a un acordo na elección dun regalo.

MARZO - ABRIL	
E tu, come fai a saperlo?	
Unidade 6 (unidade 3 Nuovo Espresso 4)	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais: Comprender noticias da radio ou do telexornal, diferentes programas de radio e televisión e charlas e conferencias. • Comprensión de textos escritos: Comprender diferentes textos xornalísticos (artigos de opinión, reportaxes...). Comprender as informacións referidas o uso das novas tecnoloxías e Internet • Producción e coprodución de textos orais Participar nun debate de carácter formal de xeito adecuado. Expresar unha opinión persoal sobre o uso e a relación que temos coas novas tecnoloxías e Internet. • Producción e coprodución de textos escritos: Tomar apuntes sobre unha charla ou conferencia. Redactar unha carta expresando por escrito a súa opinión sobre a TV actual. • Mediación: Resumir oralmente noticias dos medios de comunicación.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de comprensión de lectura sobre as distintas fontes de información, cómo se informan os italianos e a importancia dei <i>social</i>. • Actividades de comprensión oral sobre a radio, as tendencias na programación da TV, os xéneros televisivos: <i>quiz</i>, telexornal, <i>reality</i>, documentais, debuxos animados • Actividades de produción oral: contar a noticia máis destacada do día. • Actividade de produción e interacción escrita: expresar a propia opinión sobre o tema da información e cómo nos informamos, escribir un artigo de crónica. Expresar a opinión sobre o uso e a relación coas novas tecnoloxías; Escribir un <i>post</i> no que se expresen as propias preferencias e gustos para comunicarse na vida privada. • Actividades de mediación: comentar co compañeiro unha noticia impactante.
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> • O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto. • O uso do conector: (non perché +congiuntivo). • O condicional para referir unha noticia pouco certa. • Os adverbios de tempo: (Allora, Un giorno). Verbos com preposicións. • O coñecemento dos medios de comunicación. Ciencia e tecnoloxía, Internet, as redes sociais. • Os anglicismos de novo uso na lingua italiana. • A información na era actual. A linguaxe dos medios de comunicación. • Textos xornalísticos: novas, reportaxes, entrevistas, artigos do opinión, blogs e foros de internet. • Programas da T.V: de entretemento, humorísticos, telexornais, documentais, entrevistas e enquisas.
Criterios de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende noticias da radio ou do telexornal, diferentes programas de radio e televisión e charlas e conferencias. • Comprende diferentes textos xornalísticos (artigos de opinión, reportaxes...). Comprende as informacións referidas o uso das novas tecnoloxías e Internet. • Participa nun debate de carácter formal de xeito adecuado. Expresa unha opinión persoal sobre o uso e a relación que temos coas novas tecnoloxías e Internet. • Toma apuntes sobre unha charla ou conferencia. Redacta unha carta expresando por escrito a súa opinión sobre a TV actual. • Resume oralmente noticias dos medios de comunicación.

ABRIL - MAIO	
Media e dintorni	
Unidade 7 (unidade 3 Nuovo Contatto B2)	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprensión de textos orais: comprender argumentos e contrargumentos nunha discusión na televisión. Comprender unha transmisión radiofónica com datos estatísticos sobre a lectura. ● Comprensión de textos escritos: ler e comprender os títulos dos xornais. Interpretar un gráfico sobre os medios de comunicación. ● Produción e coprodución de textos orais: dar consellos para a lectura dun libro. Convencer a alguén a ver un determinado programa televisivo. ● Produción e coprodución de textos escritos: preparar un quiz sobre o uso dos medios de comunicación. ● Mediación: recoller e transmitir información procedente de distintos artigos.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> ● Actividades de comprensión escrita. sobre a presenza das mulleres na televisión, sobre a lectura de títulos de xornais. sobre as preferenzas dos italianos para informarse. ● Actividades de comprensión oral. escoitas sobre o che opinan os italianos da televisión. Escoitas para traballallar a ironia no discurso oral. Escoitas de programas radiofónicos sobre a lectura. ● Actividades de produción. oral sobre o tempo dedicado a televisión e sobre o medio escollido para informarse. A dieta mediática. ● Actividades de produción escrita. Preparar un quiz televisivo. Participar nun blog para comentar os hábitos de lectura. ● Actividades de mediación para comunicar a terceiras persoas información específica e procedente de distintos artigos. Interpretar un grafico.
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> ● Condicional pasado. O futuro no pasado. ● Concordanza contemporaneidade e posterioridade (indicativo e subjuntivo) ● Os pronomes directos e indirectos. Os pronomes relativos. O pronome CUI. ● Artigos determinativos co nomes propios. Aalgunhas preposicións. ● Verbos impersoais. ● Xeneros literarios: <i>giallo, saggio</i> ● Adxectivos para falar dos libros: <i>avvincente, melenso</i> ● Espresións da lingua coloquial: <i>mi dai sui nervi, guarda che casino</i> ● Os marcadores discursivos pra indicar ironia e desacordo ● TV e xéneros televisivos: <i>in diretta, documentario</i> ● Nomes compostos: <i>portaombrelli, salvaschermo</i> ● Os conectores: funcións de <i>perché</i>. ● A puntuación: o uso da coma.
Criterios de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprende argumentos e contrargumentos nunha discusión na televisión. Comprende unha transmisión radiofónica com datos estatísticos sobre a lectura. ● Lee e comprende os títulos dos xornais. Interpreta un gráfico sobre os medios de comunicación. ● Da consellos para a lectura dun libro. Convence a alguén a ver un determinado programa televisivo. ● Prepara un quiz sobre o uso dos medios de comunicación. ● Recolle e transmite información procedente de distintos artigos.

Avaliación:

● **Avaliación de progreso**

o profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e serviralle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

O grao de dominio acadado nas diferentes actividades de lingua será avaliado mediante a proba de promoción:

● **Proba de promoción** (Características xerais, estrutura e organización):

- Esta proba será elaborada, administrada e corrixida polo profesorado dos departamentos didácticos, de acordo coas especificacións establecidas por cada departamento. As probas de promoción terán carácter unificado para cada un dos diferentes cursos e serán corrixidas polo profesor ou profesora correspondente.

Terà lugar a finais do mes de maio, en convocatoria ordinaria, e no mes de xuño en convocatoria extraordinaria. Nesta convocatoria extraordinaria o alumnado só terà que ser avaliado das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria.

● **Avaliación de persoas con necesidades especiais**

A organización e administración das probas para o alumnado con necesidades educativas especiais basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, no desenvolvemento das probas deberanse adaptar, se é o caso, a súa duración e as condicións de realización.

SECUENCIACIÓN NIVEL INTERMEDIO B2.2

4.5.2 . Temporalización do nivel B2.2

Para o curso de B2.2 empregamos, principalmente, como libro de texto os métodos comunicativos:

- BALÌ, M. E ZIGLIO, L. (2017): *Nuovo Espresso 4, Corso di italiano: Libro dello studente ed esercizi*; Alma Edizioni: Firenze. (Unidades 1,2,3 e 7)

- Rosella Bozzone Costa, Chiara Ghezzi e Monica Piantoni (2017) *Nuovo Contatto B2*. Loescher edizioni (Unidades 0,1,2,4)

Aparte dos temas presentes nas unidades dos libro de texto, traballarase cos temas do curriculum pertinentes ao nivel B2.

A relación de actividades que se especifican a continuación hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións que dependerán de factores temporais

e do ritmo de aprendizaxe que se observe no grupo. Así mesmo as actividades de mediación iranse incorporando na practica da aula a medida que os alumnos vaian adquirindo as nocións dos temas do curso.

SETEMBRO - OUTUBRO	
Unidade 1 CULTURA E VIAGGI	
(unidade 0 <i>Un viaggio in Italia Nuovo Contatto B2</i> + unidade 9 <i>Curiosità di Italia Nuovo Espresso 4</i>)	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprensión de textos orais: Comprender conferencias, charlas, documentais e reportaxes sobre temas relacionados coa xeografía e cultura italianas. ● Comprensión de textos escritos: Comprender artigos sobre curiosidades culturais de Italia. Comprender un artigo sobre a xestualidade dos italianos. ● Produción e coprodución de textos orais: Falar dun evento cultural en modo detallado. Falar de viaxes. ● Produción e coprodución de textos escritos: presentar un artigo sobre o tema dos prexuízos. Participar nun <i>blog</i> ou foro en internet sobre un evento cultural ou relixioso. ● Mediación: resumir de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre a cultura e xeografía italianas, e eventos culturais, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> ● Actividades de comprensión de lectura de artigos xornalísticos, de folletos e guías nas que se fala do tema das curiosidades italianas (culturais, lingüísticas), sempre que a lingua empregada sexa estándar. Artigos que tratan o tema dos estereótipos, a xestualidade dos italianos. ● Actividades de comprensión oral: relato sobre a experiencia de vida no estranxeiro; unha transmisión radiofónica sobre o mito do “<i>maschio italiano</i>”. Conferencias, charlas, documentais e reportaxes sobre temas relacionados coa xeografía e cultura italianas, sempre que a lingua empregada sexa unha variedade estándar e a velocidade media. ● Actividades de produción oral, sobre un evento cultural e sobre a visión que os estranxeiros teñen de Italia, aconsellando e expresando a súa opinión. . Falar dos prexuízos e estereotipos. Analizar os estereotipos sobre os italianos. ● Actividades de produción escrita en <i>blogs</i> ou foros expresando a súa opinión sobre algún tema relacionado con curiosidades da xeografía e cultura italianas, e sobre o tema dos prexuízos, adecuándose ao rexistro e ao contexto. ● Actividades de mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente información lida ou ouvida anteriormente sobre a xeografía e cultura italianas e eventos culturais, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> ● Repaso dos tempos do pasado. ● Repaso subxuntivo presente. ● Forma pasiva. ● Repaso pronomes directos e indirectos. ● Algunhas preposicións. ● A posición do artigo determinativo cos nomes xeográficos. ● Xerundio presente e pasado. O xerundio concesivo ● Algunhas expresións com verbos pronominais: <i>a dirla tutta, sbrigarselfa da soli, arrampicarsi sugli specchi.</i>

	<ul style="list-style-type: none"> ● Homonimos; palabras con dous plurais. ● Léxico da xeografía, cultura e economía. ● Léxico para describir as persoas. ● Algunhas expresións con verbos pronominais.
Criterios de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprensión de textos orais: Comprende conferencias, charlas, documentais e reportaxes sobre temas relacionados coa xeografía e cultura italianas. ● Comprensión de textos escritos: Comprende artigos sobre curiosidades culturais de Italia. Comprende un artigo sobre a xestualidade dos italianos. ● Produción e coprodución de textos orais: Fala dun evento cultural en modo detallado. Fala de viaxes, ● Produción e coprodución de textos escritos: presenta un artigo sobre o tema dos prexizos. ● Mediación: resume de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre a cultura e xeografía italianas, e eventos culturais, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.

OUTUBRO - NOVEMBRO

Unidade 2 AMBIENTE E CASA

unidade 1 S.O.S Ambiente Nuovo Contatto B2 + unidade 8 L'Italia sostenibile Nuovo Espresso 4

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprensión de textos orais: Comprender conferencias, charlas, documentais e reportaxes sobre temas relacionados co medio ambiente, ecoloxía. Comprende a información principal e os detalles relevantes de conversas informais sobre convivência, problemas cós veciños, co aluguer... ● Comprensión de textos escritos: Comprender un texto sobre o medio ambiente. (tese, argumento e contraargumento.) ● Produción e coprodución de textos orais: Falar das iniciativas para coidar o medio ambiente. ● Produción e coprodución de textos escritos: discutir sobre a elección de cidade ou rural. Participar nun <i>blog</i> ou foro en internet sobre o medio ambiente, o clima e os seus problemas. ● Mediación: resumir de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre o medio ambiente e a ecoloxía, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> ● Actividades de comprensión escrita de artigos, folletos sobre o medio ambiente e os seus problemas, sempre que a lingua empregada sexa estándar. Completar test sobre os estilos de vida e cuestionarios sobre o cambio climático. Actividades sobre a casa e os distintos tipos. ● Actividades de comprensión oral : conferencias, charlas, documentais e reportaxes sobre temas relacionados co medio ambiente sempre que a lingua empregada sexa unha variedade estándar e a velocidade media.; textos audio sobre os problemas de tráfico. Actividades sobre a casa. ● Actividades de produción escrita: dar consellos de vida sostible. Escribir nun <i>blog</i> a opinión sobre o tema do medio ambiente e os seus problemas, adecuándose ao rexistro e ao contexto. Decálogo a casa soñada. ● Actividades de produción oral para falar dos problemas ambientais e as

	<p>causas. Iniciativas por un mundo sostible, expresando a súa opinión. Falar sobre a casa ideal; preferencias sobre vivendas; describir unha vivenda (equipamento e decoración).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades de mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente información lida ou ouvida anteriormente sobre o medio ambiente e a ecoloxía, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> • Forma passiva; conxuntivo imperfecto; período hipotético da posibilidade; concordanza do subxuntivo vs. Imperfecto. Uso do subxuntivo e indefinidos e conectivos. Expresar hipótese; artigos determinativos e nomes de lugares. • Repaso condicional presente e as súas funcións; nomes plurais irregulares e pronomes combinados. • Léxico do medio ambiente, os seus problemas, tempo atmosférico, consumo responsable. Expresións da lingua coloquial • Léxico: vivenda, fogar e contorna: tipos de hábitat, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica. Relacións persoais e sociais: formas de convivencia (as relación veciñais). • Sinais discursivos para expresar acordo, desacordo, manifestar incredulidade, aceptar outro punto de vista. • Adxectivos derivados de nomes, nomes derivados de verbos. • Repaso e afondamento da posición do adxectivo. A posición dos pronomes con xerundio, participio, infinito e imperativo. Os usos do futuro. A posición do adverbio. • Formular regras e expresar obrigas. • Expresar hipóteses e condicións pouco probables. • Dar consellos para vivir nun mundo sostible.
Criterios de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais: Comprende conferencias, charlas, documentais e reportaxes sobre temas relacionados co medio ambiente, ecoloxía. • Comprensión de textos escritos: Comprende un texto sobre o medio ambiente. (tese, argumento e contraargumento.) • Producción e coproducción de textos orais: Fala das iniciativas para coidar o medio ambiente. • Producción e coproducción de textos escritos: discute sobre a elección de cidade ou rural. Participa nun <i>blog</i> ou foro en internet sobre o medio ambiente, o clima e os seus problemas. • Mediación: resume de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre o medio ambiente e a ecoloxía, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.

- DECEMBRO- XANEIRO

Unidade 3 SOCIETÀ

(unidade 2 Come cambia la società italiana Nuovo Contatto B2)

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais: Comprender unha entrevista sobre o tema da inmigración. • Comprensión de textos escritos: Comprender un artigo sobre os roles dos pais e os distintos tipos de familia. • Producción e coproducción de textos orais: Expresar o punto de vista persoal sobre o tema da familia e a inmigración.
------------	--

	<ul style="list-style-type: none"> ● Producción e coprodución de textos escritos: Escribir sobre os distintos tipos de familia e o tema da inmigración. ● Mediación: resumir de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre o tema da inmigración e a familia, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> ● Actividades de comprensión escrita: artigos sobre o tema da familia (papel dos pais) e os diferentes tipos; sobre os prexuízos raciais. ● Actividades de comprensión oral: o tema do matrimonio e a inmigración. ● Actividades de expresión escrita: o alumno expresa o seu punto de vista persoal; participar nun blog ou foro en internet para falar do tema da familia, do traballo e os inmigrantes. ● Actividades de expresión oral: falar da familia, do traballo e os inmigrantes.
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> ● Subxuntivo presente e pasado; Subxuntivo e interrogativas indirectas e superlativo relativo. Tempos pasados: imperfetto e trapassato prossimo. Infinitivo composto; Verbos pronominais idiomáticos. Artigos determinativos e preposicións. Plural dos nomes en -cia, -gia ● Repaso do comparativo e superlativo; adxectivos e pronomes indefinidos; pronomes persoais; ● <i>Ci e ne</i> ● Léxico relacionado cos novos tipos de familia. Adxectivos para describir a personalidade. Expresións metafóricas (<i>Alla mano, un pezzo di pane</i>). Léxico para falar da inmigración. ● Sinais discursivos para expresar un punto de vista persoal, unha dúbida. ● Conectivos concesivos.
Criterios de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprensión de textos orais: Comprende unha entrevista sobre o tema da inmigración. ● Comprensión de textos escritos: Comprende un artigo sobre os roles dos pais e os distintos tipos de familia. ● Producción e coprodución de textos orais: Expresa o punto de vista persoal sobre o tema da familia e a inmigración. ● Producción e coprodución de textos escritos: Escribe sobre os distintos tipos de familia e o tema da inmigración. ● Mediación: resume de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre o tema da inmigración e a familia, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.

XANEIRO - FEBREIRO

Unidade 4 ARTE

(unidade 4 *Il patrimonio culturale* Nuovo Contatto B2 + unidade 7 *In giro per i musei* Nuovo Espresso 4)

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprensión de textos orais: Comprender un texto sobre a cultura italiana e a súa influencia. Comprender conferencias, charlas, documentais e reportaxes sobre temas relacionados coa arte. ● Comprensión de textos escritos: Comprender artigos sobre o tema da arqueoloxía, sobre os festivais literarios. Comprender artigos xornalísticos sobre arte, folletos e guías. ● Producción e coprodución de textos orais: Argumentar a propia opinión sobre a
------------	---

	<p>xestión dos bens culturais. Participar nunha conversa informal sobre arte. Facer unha presentación sobre unha visita a un museo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Producción e coprodución de textos escritos: discutir sobre a elección de cidade ou rural. Responder nun <i>blog</i> ou foro en Internet sobre arte. <p>Mediación: resumir de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre distintas manifestacións artísticas e festivais literarios, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.</p>
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Actividades de comprensión escrita: textos sobre a cultura italiana, o patrimonio artístico, festivais culturais e arqueoloxía. Artigos xornalísticos sobre arte, de folletos e guías nas que se describe unha obra de arte sempre que a lingua empregada sexa estándar ● Actividades de comprensión oral: entrevistas sobre Roma antiga, sobre un libro. Conferencias, charlas, documentais e reportaxes sobre temas relacionados coa arte sempre que a lingua empregada sexa unha variedade estándar e a velocidade media. ● Actividades de expresión escrita: presentar un festival literario, preparar unha entrevista a unha personaxe histórica do pasado. Presentar un texto sobre a aportación do país á cultura mundial. Participar nun <i>blog</i> ou foro en internet para tratar estes temas, dando a propia opinión. Participar nun <i>blog</i> ou foro para argumentar o papel dos medios ou falar de libros, adecuándose ao rexistro e ao contexto. ● Actividades de expresión oral : presentar un patrimonio da humanidade, un premio <i>Nobel</i>. Participar en debates para falar dos xéneros literarios e das preferencias da lectura. Expresar a opinión sobre un artista, a arte da rúa, os <i>graffiti</i>. ● Actividades de comprensión oral como escoitar unha transmisión radiofónica con datos estatísticos sobre a lectura. ● Actividades de mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente información lida ou ouvida anteriormente sobre distintas manifestacións artísticas, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.
<p>Competencias e contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Subxuntivo trapassato; Concordancia no subxuntivo. Discurso indirecto. Si impersonal. Xerundio simple e composto. Artigos determinativos VS. Indeterminativos. Preposicións. ● Repaso e afondamento das preposicións <i>A</i> e <i>IN</i>. A concordanza dos tempos do subxuntivo. O infinitivo usado como substantivo. Os pronomes relativos: repaso e afondamento. O pronome posesivo <i>il cui</i> ● Repaso: subxuntivo e interrogativas indirectas. <i>Ci</i> e <i>ne</i>. ● Conectivos varios. Puntuación: coma, dous puntos, punto, comiñas. ● Sinais discursivos para exemplificar, chamar a atención, expresar sorpresa a atenuar a resposta. ● Léxico relativo aos períodos histórico-culturais. Léxico da cultura, arte, teatro. Actividades artísticas: pintura e escultura, fotografía, artesanía, novas manifestacións artísticas. ● Léxico para falar dos libros e xéneros literarios. ● Argumentar e dar consellos. ● A arte clásica e a arte contemporánea. A arte e a provocación. A riqueza artística italiana. A descrición dunha obra de arte, dunha imaxe. ● Documentos oficiais: formularios, catálogos. Biografías de autores. Recensións. Folletos, guías. ● Conferencias e charlas, documentais, reportaxes.
<p>Criterios de avaliación</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprensión de textos orais: Comprende un texto sobre a cultura italiana e a súa influencia. Comprende conferencias, charlas, documentais e reportaxes sobre temas relacionados coa arte.

	<ul style="list-style-type: none">● Comprensión de textos escritos: Comprende artigos sobre o tema da arqueoloxía, sobre os festivais literarios. Comprende artigos xornalísticos sobre arte, folletos e guías.● Produción e coprodución de textos orais: Argumenta a propia opinión sobre a xestión dos bens culturais. Participa nunha conversa informal sobre arte. Fai unha presentación sobre unha visita a un museo.● Produción e coprodución de textos escritos: discute sobre a elección de cidade ou rural. Responde nun <i>blog</i> ou foro en Internet sobre arte.● Mediación: resume de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre distintas manifestacións artísticas e festivais literarios, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.
--	--

MARZO	
Unidade 7 LAVORO	
(unidade 4 <i>Il mondo del lavoro</i> Nuovo Espresso 4)	
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprender un texto escrito ou oral sobre a cultura italiana e a súa influencia. ● Comprender artigos sobre o tema da arqueoloxía, sobre os festivais literarios ● Argumentar a propia opinión sobre a xestión dos bens culturais. ● Dar consellos para a lectura dun libro. ● Comprensión de textos orais: Comprender a información esencial nunha oferta de traballo. ● Comprensión de textos escritos: Comprender información esencial en textos da propia especialidade e comprende léxico e expresións. ● Producción e coprodución de textos orais: Falar do propio traballo e intercambiar informacións complexas sobre o mesmo. Responder nunha entrevista para un posto de traballo. Intercambiar informacións sobre asuntos de interese profesional. ● Producción e coprodución de textos escritos: Escribir textos narrativos e descritivos referentes ó traballo ● Mediación: resumir de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre o tema do traballo, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> ● Actividades de comprensión escrita: de artigos e noticias do mundo laboral, sempre que a lingua empregada sexa estándar. . ● Actividades de comprensión oral: textos sobre diferentes profesións e entrevistas de traballo, sempre que a lingua empregada sexa unha variedade estándar e a velocidade media. Recoller a maior información posible en diferentes entrevistas. ● Actividades de produción oral: falar do propio traballo. Facer unha entrevista. Debate sobre o mundo laboral para as mulleres, dereitos, obrigas, perdas: o mundo laboral no mundo globalizado; novas profesións (recollida de información e exposición); pequena presentación sobre unha muller traballadora italiana. ● Actividades de produción escrita solicitar un posto de traballo e elaborar un C.V., adecuándose ao rexistro e ao contexto. Unha carta de presentación, responder a un anuncio ofrecendo os coñecementos e habilidades. ● Actividades de mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente información lida ou ouvida anteriormente sobre o traballo, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> ● Uso do subxuntivo nas frases relativas. Uso do subxuntivo co superlativo relativo. Xerundio con función causal e hipotética. Concordanza temporum: o condicional co subxuntivo. ● Oración composta. ● Flexión de xénero nas profesións.

	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicar un desexo ou intención. • Busca de ofertas de emprego na sociedade dixital. Como actuar nunha entrevista de traballo. • Léxico relativo ó traballo e ás profesións (desemprego, procura de traballo, condicións laborais...)
<p>Criterios de avaliación</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais: Comprender a información esencial nunha oferta de traballo. • Comprensión de textos escritos: Comprender información esencial en textos da propia especialidade e comprende léxico e expresións. • Produción e coprodución de textos orais: Falar do propio traballo e intercambiar informacións complexas sobre o mesmo. Responder nunha entrevista para un posto de traballo. Intercambiar informacións sobre asuntos de interese profesional. • Produción e coprodución de textos escritos: Escribir textos narrativos e descritivos referentes ó traballo • Mediación: resumir de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre o tema do traballo, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.

ABRIL - MAIO

Unidade 8 EMOCIÖNS E SAÚDE

(unidade 5 *Che emozione!* Nuovo Espresso 4)

<p>Obxectivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprensión de textos orais: Comprender información sobre o tema das emocións e da saúde e coidados físicos. ● Comprensión de textos escritos: Comprender informacións sobre temas da vida social e persoal. ● Producción e coprodución de textos orais: expresar emocións en base ao rexistro elixido. Describir fisicamente a unha persoa e falar do seu carácter ● Producción e coprodución de textos escritos: Escribir sobre os propios sentimentos. ● Mediación: resumir de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre as emocións e os gustos e a saúde e os coidados físicos, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● comprensión escrita: Textos que falan das emocións. Actividades de ● comprensión oral: Recoller a maior información posible sobre o tema das emocións e a saúde e coidados físicos. Actividades de ● produción oral: Falar das propias emocións e gustos. Falar da saúde e os coidados físicos e a relación co deporte. Actividades de ● produción escrita: escribir sobre sí mesmo: as emocións e os gustos. Escribir sobre o tema da saúde e os coidados físicos. Actividades de ● mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente información lida ou ouvida anteriormente sobre as emocións, os gustos e a saúde e coidados físicos, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as. Actividades de
<p>Competencias e contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● derivados de sustantivos. Uso do adxectivo posesivo posposto. Verbo pronominal <i>uscirsene</i>. Uso do posesivo <i>proprio</i>. Adxectivos ● contrario de sustantivos e adxectivos. Formación do ● do periodo hipotético. Repaso e ampliación ● e <i>Senza che</i> + subxuntivo. Expresións <i>Come se</i> ● e sabelas recoñecer ; traballar coas emocións; empatía. Expresar emocións ● sobre un determinado suceso presente ou pasado. Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situación. Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado. Especular sobre causas e consecuencias. Actuar segundo as Formular hipóteses

	conviccións propias da comunidade en que se integre (visitas, invitacións, aceptación, rexeitamento...) ● Léxico referido ás emocións. Adxectivos para describir a personalidade. ● Léxico: Identificación persoal: valores persoais. Saúde e coidados físicos: sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adiccións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética.
Criterios de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprensión de textos orais: Comprende información sobre o tema das emocións e da saúde e coidados físicos. ● Comprensión de textos escritos: Comprende informacións sobre temas da vida social e persoal. ● Producción e coprodución de textos orais: expresa emocións en base ao rexistro elixido. Describe fisicamente a unha persoa e falar do seu carácter. ● Producción e coprodución de textos escritos: Escribe sobre os propios sentimentos. ● Mediación: resume de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre as emocións e os gustos e a saúde e os coidados físicos, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.

4.6. Criterios de avaliación.

4.6.1. Actividades de comprensión de textos orais.

Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.

Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.

Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.

Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...

4.6.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais.

Interactúa -inicia, mantén e remata- de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.

Desenvólvese en transaccións da vida cotiá -aloxamento, restaurantes ou actividades económicas- expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo dun problema, se ten a cooperación da persoa interlocutora.

Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves

razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados ao propósito comunicativo.

Realiza en lingua estándar narracións, descricións sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional.

Fai presentacións breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.

Realiza intercambios de información sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas simples.

É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira oral.

Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.

Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descricións claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos, para iso utiliza algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que precisa.

4.6.3. Actividades de comprensión de textos escritos.

Comprende información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan queixas, reclamacións, peticións, citacións..., que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.

Segue as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico.

Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.

Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións... É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate..

4.6.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.

Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.

Escribe textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.

Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.

Escribe pequenas recensións -imitando modelos- sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais utilizando vocabulario específico e propio do nivel.

Utiliza con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia doutra/s lingua/s, os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (p. ex., parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.

É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira escrita.

4.6.5. Actividades de mediación.

Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as -sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.

Reelabora documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos.

Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas destinatarias.

Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.

4.7 Avaliación e certificación

O alumnado deberá ser avaliado tomando como referencia os obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación establecidos para cada actividade de lingua para os niveis básico A1 e A2, intermedio B1 e B2 e avanzado C1 e C2 nos currículos dos idiomas respectivos. A consecución dos obxectivos de cada nivel conducirá á obtención da certificación que corresponda.

4.7.1 Proceso de avaliación do alumnado

Realizaranse tantas avaliacións por curso como se estableza no proxecto educativo da escola, cun mínimo de dúas, coincidindo a última coa proba de certificación.

- **avaliación inicial ou de diagnóstico** do alumnado: ao inicio do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial ou de diagnóstico, que terá carácter informativo para este e orientador para o profesorado, que establecerá as medidas pedagóxicas adecuadas.

O grao de dominio acadado nas diferentes actividades de lingua será avaliado mediante os seguintes tipos de proba:

- **Avaliación de progreso**

Avaliación de progreso: o profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu

alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e serviralle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

- **Proba de certificación**

As probas de certificación teñen como obxectivo avaliar o nivel de competencia lingüística do alumnado de escolas oficiais de idiomas nas distintas actividades de lingua nos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, establecidos nos currículos respectivos.

O nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.

As probas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior.

4.7.2 Elaboración, administración e cualificación

As probas de certificación para cada un dos niveis serán elaboradas, administradas e cualificadas de acordo co procedemento que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

As probas de certificación administraranse nas sedes das escolas oficiais de idiomas e, se é o caso, nas súas seccións. Para a correcta administración das probas deberase ter en conta o disposto nas guías de administración de cada un dos niveis, así como nas guías informativas e de especificacións das probas de certificación, que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Con carácter excepcional, e logo de autorización da xefatura territorial correspondente, poderase variar o horario lectivo da escola ou sección naquelas franxas horarias en que a necesidade de espazos e profesorado o fagan necesario para o correcto desenvolvemento das probas.

Tamén as probas de promoción poderánse facer unificadas en franxas horarias según as necesidades da escola.

Para os cursos do nivel B2 a puntuación total da proba será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba.

4.7.3 Avaliación de persoas con necesidades especiais

A organización e administración das probas para o alumnado con necesidades educativas especiais basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, no desenvolvemento das probas deberanse adaptar, se é o caso, a súa duración e as condicións de realización.